



O FORO DA MADEIRA CONVOCA O PRIMEIRO CONCURSO DE IDEAS PARA OBTENIR PROTOTIPOS DE VIVENDAS CONSTRUÍDAS CON ESTE MATERIAL

- *Os proxectos que se presenten deberán cumprir as Normas do Hábitat Galego e axustarse a un orzamento de execución material de 600€/m²*
- *O Concurso tamén inclúe as categorías para mobiliario de espazos públicos, prototipos de naves agrícolas e forestais no medio rural e a categoría de rehabilitación*
- *O obxectivo deste concurso é promover o uso da madeira nos procesos de rehabilitación, construción e creación de mobiliario, tendo en conta a importancia do sector*

Santiago de Compostela, 26 xullo 2008.- O *Foro da Madeira* convoca o primeiro concurso de ideas para fomentar o uso da madeira no eido da construción, da creación de mobiliario para espazos públicos e da rehabilitación. Esta é a primeira iniciativa que emprende o recién constituído *Foro da Madeira* co obxectivo de promover unha nova cultura do uso da madeira en Galiza, que aposte pola competitividade do sector a nivel estatal e internacional.

O *Foro de Madeira* está integrado polas consellerías de Vivenda e Solo, Innovación e Industria e Medio Rural, xunto co CIS-Madeira, o Clúster da Madeira, FEARMAGA, Asociación Galega Monte-Industria e FECEG, que constituíron un foro de traballo e opinión aberto a todo tipo de empresas e institucións vinculadas ao sector.

Este concurso consta de catro categorías, a primeira está denominada **Módulo Vivenda** e ten como finalidade a obtención dun prototipo de vivenda unifamiliar. A superficie deste prototipo estará pensada para unha vivenda de entre 45 e 120 m² que utilice a madeira como elemento estrutural e nos compoñentes construtivos da vivenda. A pretensión do *Foro da Madeira* é acadar un prototipo que permita a optimización da vivenda producida en serie. Os proxectos que se presenten deberán cumprir as *Normas do Hábitat Galego* e axustarse a un orzamento de execución material de 600€/m².

O segundo módulo do concurso é definido como **Mobiliario para espazos públicos**. Esta categoría está pensada para obter proxectos de mobiliario externo deseñado en madeira que poidan ser aptos para o seu uso en espazos públicos: prazas, xardíns, paradas de transporte... entre outros, que poderán instalarse no medio urbano e rural. Neste caso o *Foro da Madeira* valorará os proxectos que incorporen elementos innovadores e a súa facilidade de uso e mantemento.

A terceira modalidade do concurso está definido baixo o título de **Unidades dotacionais no medio rural**. Nesta categoría o *Foro da Madeira* quere obter un prototipo de nave gandeira e forestal, no que a madeira tamén terá que ser o elemento principal. Tamén se poden presentar propostas para almacéns, puntos de encontro das brigadas de incendios ou casetas de vixilancia.



Finalmente, a cuarta categoría do concurso é a *Modalidade de rehabilitación en madeira*, e poderán concursar edificios rehabilitados ou reconstruídos en Galiza, nos que a madeira tivese un papel predominante.

Prazo e lugar de admisión

Trátase dun concurso de ideas aberto e nunha soa fase. Tódalas persoas físicas ou xurídicas deberán facer a inscrición antes do 15 de agosto as 14.00 horas na sede do CIS-Madeira ubicada no Parque Tecnolóxico de Galicia, ou por fax ao número 988.36.81.53 e correo electrónico ao enderezo info@cismadeira.com.

Finalizado este prazo, elaborárase unha lista de admitidos que poderán realizar tódalas consultas que consideren pertinentes até o 14 de setembro no CIS-Madeira. O prazo límite para a presentación das propostas será o 31 de outubro de 2008. Tódolos traballos teñen que ser presentados baixo lema, para poder ser examinados polo xurado baixo anonimato. Os premios oscilan entre 1.000 e 6.000 € segundo a categoría á que se presenten.

Toda a documentación relacionada co concurso, poderase consultar na páxina web da Consellería de Vivenda e Solo (www.conselleriavivenda.xunta.es) e do CIS-Madeira (www.cismadeira.com), dependente da Consellaría de Innovación e Industria.